

## Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 08.08.2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### **2.- SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO TURISMO AO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. 2024/ABSSUB/000001.**

Examinado o expediente do contrato de subministro que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes feitos:

- 1.-Elaborouse o prego de prescricións técnicas do contrato de subministro mencionado na parte dispositiva deste acordo.
- 2.-A Concellería da Área de Promoción da igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía acordou o inicio deste procedemento simplificado con pluralidade de criterios.
- 3.-Formulouse o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento aberto simplificado.
- 4.-Emitiuse o informe preceptivo do Secretario da Administración Municipal e do Xefe do Servizo de Contratación (por delegación da Asesoría Xurídica).

#### Fundamentos xurídicos

Primeiro.-O artigo 159 da LCSP establece que o procedemento aberto simplificado constitúe un dos procedementos ordinarios para adxudicar os contratos, e en consecuencia pode acudirse a este procedemento neste caso. Así mesmo, deberá publicarse anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

Segundo.-O prego de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente de contratación cumpre coas determinacións establecidas no artigo 122 da LCSP e nos apartados 2 e 3 do artigo 67 do regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, e nel se indica o réxime aplicable a este contrato.

Terceiro.-A competencia para a aprobación do expediente de contratación así como dos pregos é da Xunta de Goberno Local de conformidade cos artigos 117 e apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares e o expediente de contratación do contrato cuxos datos se mencionan a continuación:

EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO	"SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO TURISMO AO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA". Nº 2024/ABSSUB/000001
ORZAMENTO	46.000,00 €
IVE	9.660,00 €
ORZAMENTO TOTAL	55.660,00 €
PRAZO MÁXIMO DE ENTREGA DO SUBMINISTRO	6 MESES



Segundo.-Aprobar e autorizar o gasto que implica o contrato con cargo á aplicación que conste no informe emitido pola Intervención Xeral Municipal.

Terceiro.-Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado e ordenar a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

